

INSTRUCCIÓN Nº 7/2012, DO 4 DE XULLO DE 2012, SOBRE CÁLCULO DA NOTA MEDIA OU VALORACIÓN DE EXPEDIENTES EN PROCESOS DE TITULACIÓN NON ADAPTADAS AO ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR

As Normas de Xestión Académica, texto refundido aprobado por Resolución Reitoral do 12 de novembro de 1998 (DOG do 14 de xaneiro de 1999), establecen no seus artigos 17 e 18 un sistema de valoración de expedientes baseado nunha escala de cualificación de 0 a 4. O marco legal vixente e a necesidade de unificar o sistema de valoración de expedientes levou a asinar recentemente o novo *Protocolo de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración de expedientes académicos*. No citado Protocolo establécese como regra xeral para o cálculo as normas contidas no Real Decreto 1125/2003. En concreto, a partir da súa data de aplicación as cualificacións que se terán en conta son en base 10.

Así a Resolución Reitoral do 3 de outubro de 2011 pola que se ordena a Aplicación do *Protocolo de Colaboración para a Valoración de Expedientes Académicos no Sistema Universitario Galego* ordena a aplicación do dito protocolo en tódolos procesos internos da USC agás as excepcións que se puideran autorizar, e habilita á Secretaría Xeral a ditar as instrucións que sexan necesarias para a interpretación e posta en marcha do disposto nesa resolución.

Cómpre polo tanto, clarificar a aplicación das normas para o cálculo e valoración de expedientes, en particular as referencias das Normas de Xestión Académica para o cálculo e que figuraban en base 0-4, e por elo que dítase a seguinte:

INSTRUCCIÓN

UNICO.- Consonte o apartado 1.1. da resolución reitoral do 3 de outubro de 2011, na valoración dos expedientes académicos da USC, e na valoración de todos os expedientes dentro dos procedementos e convocatorias de concorrencia competitiva na USC, o cálculo de medias do expediente farase consonte as disposicións do Protocolo de Colaboración para a Valoración de Expedientes Académicos no Sistema Universitario Galego asinado pola Universidade o 27 de xuño de 2011.

En consecuencia para o cálculo e para a valoración de expedientes naqueles supostos recollidos nas Normas de Xestión Académica, ou nos procedementos concretos que recollan valoracións a efectos dos procedementos de colación do Grao, obtención de Premios Extraordinarios, notas mínimas esixibles para a continuación de estudos, etc. aplicará o previsto no Protocolo de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración de expedientes académicos.

No citado Protocolo establécese como regra xeral para o cálculo as normas contidas no Real Decreto 1125/2003. En concreto, a partir da súa data de aplicación as cualificacións que se terán en conta serán en base 10.

Para o caso de que a nota mínima se fixara no 2,5 en base 4, entenderase que a nota en base 10 será de 7,5.

No caso de nota mínima para simultanear titulacións, a nota mínima será de 6 en base 10.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2012

A Secretaria Xeral



Lourdes Noya Ferreiro
Lourdes Noya Ferreiro